



**Resolución do 4 de novembro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a XIII edición do programa educativo *Navega con Rumbo* dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024-2025.**

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece como obxectivo da educación primaria e da educación secundaria o desenvolvemento das competencias tecnolóxicas para a aprendizaxe do alumnado e o seu emprego como fonte de información para adquirir novos coñecementos con espírito crítico, sempre desde unha perspectiva de reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización. Na mesma liña, os Decretos 155/2022 e 156/2022 de 15 de setembro polos que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria e da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, respectivamente, recollen que a consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensinanza e aprendizaxe.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da necesidade de educar integramente á comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética, segura e responsable, recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 actuacións específicas cara a unha convivencia dixital responsable.

Este tipo de iniciativas están relacionadas coa Estratexia Dixital 2030, que aposta pola innovación e por novos modelos de educación dixital para preparar os estudantes ante os desafíos que os esperan no eido educativo, persoal ou profesional, poñendo á súa disposición os recursos adecuados para propiciar unha aprendizaxe máis dinámica, personalizada, colaborativa e creativa; combinando o desenvolvemento das súas destrezas tecnolóxicas coa súa capacidade social e cooperativa a través da aplicación de novas tendencias dixitais.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

### **Apartado 1.- Obxecto**

Regular o programa Navega con Rumbo e establecer as bases para a participación no mesmo dos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25.



## **Apartado 2.- Obxectivo xeral**

Favorecer o uso responsable de internet e as redes sociais entre o alumnado, o profesorado e as familias.

## **Apartado 3.- Obxectivos específicos**

- Poñer a disposición da comunidade educativa recursos de interese sobre seguridade na rede, así como ferramentas para o seu uso didáctico na aula.
- Previr o ciberacoso e outros riscos derivados do mal uso de internet e das redes sociais.
- Contribuír ao desenvolvemento da Estratexia Educación Dixital 2030, promovendo unha navegación segura e responsable.

## **Apartado 4.- Destinatarios**

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria, 1º curso de educación secundaria obrigatoria e 1º curso de ciclos de formación profesional de grao básico dos centros educativo sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

## **Apartado 5.- Descrición do programa e planificación**

O programa consiste na realización de charlas informativas para o alumnado, profesorado e familias nos centros educativos a cargo de especialistas do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia. Nestas charlas abordaranse os usos positivos da rede e daranse estratexias para previr posibles riscos.

As accións formativas terán lugar dende a publicación da resolución definitiva ata o 13 de xuño de 2025, concretándose as datas e os horarios entre as persoas coordinadoras de cada centro educativo e as responsables do programa do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

## **Apartado 6.- Solicitudes e prazo de presentación**

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico [edutic@edu.xunta.gal](mailto:edutic@edu.xunta.gal) co asunto "Solicitud Navega con Rumbo 2024-2025", achegando o documento Anexo I. O prazo de



presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria no portal educativo.

### **Apartado 7.- Criterios de selección**

Seleccionaranse ata un máximo de 240 centros conforme os criterios que figuran a continuación:

- non ter participado en convocatorias anteriores do mesmo programa: 5 puntos. En caso de ter participado anteriormente, outorgaráselle 2 puntos;
- non participar noutro programa relacionado co uso responsable de internet e as redes sociais: 5 puntos. En caso de ter sido seleccionado, outorgaráselle 2 puntos;
- no caso de empate nas puntuacións, terase en conta a orde de entrada da solicitude no enderezo electrónico sinalado.

### **Apartado 8.- Resolución**

Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no Portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

### **Apartado 9.- Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.





O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital,

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

